



OS SERVIZOS SOCIAIS EN COMPOSTELA:

Avanzando na intervención social...
... a xestión da **DEPENDENCIA** vinculada
ao **SAF** e a **abordaxe do
senfogarismo**

Novembro 2024



CONCELLO COMO BASE OPERATIVA

- O concello constitúe a base operativa onde se recibe e se debe satisfacer as demandas da veciñanza

CONCELLO, COMO ÓRGANO DE GOBERNO

- O concello, como órgano de goberno da comunidade, ten certa capacidade para executar plans e programas no marco dunha política social que tenda ao benestar social.

CONCELLO, COMO ÓRGANO QUE DESENVOLVE POLÍTICAS DE ACCIÓN SOCIAL

- Política de ACCIÓN SOCIAL, que está obrigada a dotar ao concello de recursos humanos, técnicos, sociais, materiais, institucionais e económicos para poder solventar as necesidades sociais.



ESTE É O **MARCO** DENDE O CAL SE
SITÚAN OS SERVIZOS SOCIAIS EN
COMPOSTELA.

UN ENFOQUE CARA O **BENESTAR** DA
VECIÑANZA


UN ENFOQUE QUE APOSTA POR UNHA
CONVIVENCIA PLURAL, DIVERSA,
DENDE O RESPECTO Á DIFERENZA DE CADA
QUEN, PERO SEMPRE DENDE UN MARCO
LEGAL

CONCEPTO DE SERVIZOS SOCIAIS



Segundo establece o artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia (DOG nº 245, de 18 de decembro de 2008), os Servizos Sociais son o **conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamientos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación.**

AS COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO ÁMBITO DO SOCIAL




En Santiago de Compostela,
o sistema municipal de
Servizos Sociais Comunitarios
vertébrase a través da Área de Acción Social

É dicir, a Área de Acción Social configúrase como un entramado que xira sobre un punto central (os Servizos Sociais Comunitarios Básicos) e no que se engaden pezas, non menos importantes, referidas aos Servizos Sociais Comunitarios Específicos en Compostela: CIM, UMAD



Concepto de SERVICIOS SOCIAIS



Entremos agora a ver o eixe principal do sistema público de Servizos Sociais

Municipais: **Servizos Sociais Comunitarios Básicos**



ANÁLISE POBOACIONAL

98.687 habitantes

DISTRIBUCIÓN POBOACIÓN POR COLECTIVOS IDADE

15.353



Menores de idade

6.691



Persoas mozas

54.215



Persoas adultas

23.892



Persoas maiores

Persoas maiores
soas 4.783

Persoas
estranxeiras
7.512

Persoas que
pertencen ao
pobo xitano
922

Cómpre indicar que os datos facilitados polo Departamento de Informática do concello de Santiago de Compostela reflicen que ao longo do ano 2023 houbo rexistrado un volume poboacional total de 100.151 habitantes, aos que habería que restar as persoas que causaron baixa nalgún momento do ano do Padrón Municipal de Habitantes por motivos diversos (defunción, cambio de domicilio, etc.), que ascende a 1.464 persoas, sendo o número total de persoas residentes de dereito ao remate do ano de **98.687 habitantes** (fonte: INE, ano 2023).

A realidade social en Compostela:



Realidade
social
complexa

Realidade
social
plural

Realidade
social
diversa

Realidade
social
cambiante



Con la **acción social** no podemos cambiar el **mundo**, pero **sí cambiar** el **mundo** de muchas personas



En aplicación da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de *Servizos Sociais de Galicia* e do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, de *Servizos Sociais Comunitarios*



Programa de **valoración**, orientación e información



Servizo de **axuda no fogar** (SAF) / Xantar na casa / Teleasistencia domiciliaria (municipal)



Servizo de **educación e apoio familiar**



Programa básico de **inserción social**



Programa de fomento da **cooperación e solidariedade social**

PROGRAMAS BÁSICOS EN SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Situacións económicas graves (carencia ou insuficiencia de recursos para cubrir necesidades básicas: alimentos, vestiario, medicación, aloxamento...)

Tramitación de recursos (PNC, RISGA, Compostela Mais, Axudas de Inclusión Social, exención cota agua, bonobus...) + derivación a entidades sociais (Caritas, Cruz Roja...)

Persoas adultas, con ou sen menores, con **inadecuada organización persoal, familiar e económica**: non administración axeitada do presuposto, descoñecemento de recursos, non colaboradores cos servizos, etc.

Derivación a Programa municipal socioeducativo, Abeiro, Axuda no Fogar, etc.

Menores en situación de risco social (absentismo escolar, desescolarización, proxenitores con falta de habilidades, seguemento sanitario inadecuado, con condutas adictivas, comportamentos disruptivos e predelictivos, etc.)

Traballo conjunto co Programa municipal socioeducativo, Abeiro, Axuda no Fogar, apoio psicolóxico, intervención conxunta con centros educativos, sanitarios, coordinación con Equipo Técnico de Menores, Centro de Día, Fiscalía, etc.

Menores en situación de desamparo (situación de abandono, abusos, maltrato, negligencia, condutas adictivas consentidas, inducción á delincuencia e á mendicidade, etc.)

Derivación e traballo coordinado co Equipo Técnico de Menores e Centro de Día; Fiscalía, instancias xudiciais, etc.

Maiores en situación de vulnerabilidade social (avanzada idade, soidade, familias non adecuadas, falta de rede de apoio, negligencia nos coidados, maltrato, abandono, problemas de saúde, etc). Persoas con discapacidade.

Axuda no Fogar, teleasistencia domiciliaria, voluntariado, centros de día, ingreso en residencia, Fiscalía, instancias xudiciais, etc... Coordinación co sistema sanitario.

Persoas en situación de dependencia e/ou con factores de risco social engadidos (avanzada idade, soedade, familias non adecuadas, falta de rede de apoio, negligencia nos coidados, maltrato, abandono, problemas de saúde, etc).

Axuda no Fogar, teleasistencia domiciliaria, voluntariado, centros de día, ingreso en residencia, Fiscalía, instancias xudiciais, etc... Coordinación co sistema sanitario e con centros residenciais.

Persoas con problemas de saúde mental, sen adecuado seguimento sociosanitario, ausencia dunha rede de apoio familiar, familias con sobrecarga, con conflitos na comunidade, etc.

O PROBLEMA.....

Importante: a coordinación entre Saúde, Servizos Sociais, Fiscalía e instancias xudiciais.

Persoas con problemas na vivenda: desafiuzamentos, dificultades para abordar gastos, etc...


Coordinación con Cáritas, Vieiro, Cociña Económica, Albergue, Cruz Vermella, Policía Local, Colexio de Psicología, de Avogados,

Persoas sen fogar e/ou con traxectoria vinculada a situacións de exclusión social: ausencia de domicilio, desafiuzamentos, chabola, infravivenda, etc...

Ver si hai factores engadidos que requiran a intervención de Fiscalía e instancias xudiciais

Mulleres, con problemas de violencia de xénero, en situación de violencia doméstica, etc.

Centro municipal de información á muller: información e orientación, xestión de recursos, apoio psicolóxico e orientación legal



SAF

PROGRAMA DE
ATENCIÓN A
PERSOAS SEN
FOGAR

ORDENANZA
GARANTIA
BASICA

SEMUS

SERVIZO
EDUCACION E
APOIO
FAMILIAR

BOLSAS DE
COMEDOR,
ACTIVIDADES E
MATERIAL

PASS

INCLUSION
SOCIAL



**UN NOVO XEITO DE ENTENDER
O SERVIZO DE AXUDA
NO FOGAR
NO CONCELLO DE SANTIAGO**

Para falar do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é necesario falar antes do

**Procedemento de
valoración das
situacións de
dependencia**



dependencia

Procedemento de valoración de dependencia

Quen pode solicitar
a valoración de
dependencia

Poderán solicitar o recoñecemento da situación de dependencia as persoas con nacionalidade española que cumpran os seguintes requisitos:

- Atoparse en **situación de dependencia** nalgún dos graos establecidos.
- **Residir en territorio español e telo feito durante 5 anos, dos cales 2 deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.** Para as persoas menores de 5 anos o período de residencia exixiráselle a quen exerza a súa garda e custodia.
- **Residir na Comunidade Autónoma de Galicia** na data da presentación da solicitude.

Procedemento de valoración de dependencia

Iniciación do procedemento

- O procedemento **iniciarase por instancia da persoa** que poida estar afectada por algún grao de dependencia ou, de ser o caso, de quen exerza a súa representación.
- **Solicitud**. A solicitude inclúe un apartado para a autorización expresa para presentación electrónica da solicitude de recoñecemento da situación de dependencia e demais documentación necesaria derivada desta actuación por parte do/a traballador/a social de referencia
- **Documentación que SEMPRE debe acompañar a solicitude**: informe de condición de saúde e informe social unificado.
- As persoas interesadas non estarán na obriga de achegar información, datos ou documentación que estea xa en poder da administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou que, de acordo coa lexislación vixente, poida obterse polos seus propios medios.
- O servizo ou órgano que determine a consellería con competencia en materia de servizos sociais, unha vez completada a documentación, comunicarlle á persoa interesada o día, a franxa horaria e o lugar no que se realizará a valoración da situación de dependencia.

Procedemento de valoración de dependencia

Prazo de resolución

- O **prazo máximo para ditar resolución** e para practicar a súa notificación será de **seis meses** contado desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro do órgano competente para a súa tramitación.
- No caso dos menores de 3 anos, 20 días hábiles desde a entrada da solicitude no rexistro.

Procedemento de valoración de dependencia



Catálogo de servizos

- Servizos de prevención das situacións de dependencia e de promoción da autonomía persoal.
- Servizo de teleasistencia básica e avanzada.
- Servizo de axuda no fogar .
- Servizo de centro de atención diúrna e de atención nocturna para persoas en situación de dependencia.
- Servizo de atención residencial.

De conformidade co artigo 14 da Lei 39/2006, do 14 de decembro, **os servizos do catálogo terán carácter prioritario** e serán prestados, a través da oferta pública da rede de servizos sociais.

De non ser posible a atención mediante algún destes servizos, procederá o recoñecemento da prestación económica vinculada ao servizo. Esta prestación irá destinada a cubrir os gastos do/dos servizo/s previstos no PIA, que deberán ser prestado/s por unha entidade debidamente autorizada para a atención á dependencia.

Procedemento de valoración de dependencia



Catálogo de
prestacións

- A prestación económica vinculada ao servizo como achega económica de carácter periódico que ten por finalidade contribuír ao financiamento do custo dos servizos que se determinen no PIA como os máis adecuados para a persoa en situación de dependencia e sexan prestados por entidades debidamente autorizadas para a atención á dependencia, cando non sexa posible o acceso efectivo a un servizo público.
- A prestación económica para coidados na contorna familiar como achega económica de carácter periódico, cuxa finalidade é proporcionarlle á persoa beneficiaria recursos económicos para contribuír á cobertura dos gastos derivados da atención prestada pola persoa coidadora non profesional co obxecto de posibilitar a permanencia da persoa beneficiaria no seu domicilio habitual.
- A prestación económica de asistencia persoal como achega económica destinada a contribuír á cobertura dos gastos derivados da contratación dun/unha asistente persoal que facilite o acceso a un proxecto formativo, laboral ou ocupacional para promover unha maior autonomía no exercicio das actividades da vida diaria ás persoas en situación de dependencia en calquera dos seus graos.

Servizo de axuda no fogar



E agora que sabemos cuestións previas como son as referidas á tramitación do expediente de valoración de dependencia, estamos en condición de entrar xa en materia, en falar de que é o **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR** (mais coñecido como **SAF**)



QUE É
O
SAF?

É un **servizo público esencial**, de carácter local consistente en ofrecer un conxunto de atención a persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual.

Un **programa e prestación básica e esencial**, definido como tal tanto no Plan Concertado como na lexislación específica en materia de Servizos Sociais.



PERSOAS DESTINATARIAS

Todas aquelas persoas para as que, de acordo coa valoración técnica, supoña un recurso idóneo de atención.



(recollidas na lexislación vixente)

Persoas maiores e/ou con déficits de autonomía, especialmente cando teñan un rede apoio sociofamiliar feble.



Fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención socioeducativa.

PERSOAS DESTINATARIAS

Todas aquelas persoas para as que, de acordo coa valoración técnica, supoña un recurso idóneo de atención.

Persoas maiores e/ou con déficits de autonomía, especialmente cando teñan un rede apoio sociofamiliar feble.



...e tamén comezan a incorporarse



Fogares con menores nos que se observe necesidade dunha intervención socioeducativa.

Persoas, con traxectoria de senfogarismo, que se incorporan a unha vivenda de transición

OBXECTIVOS DO SAF

Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.

Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.


Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.

Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.

Previr situacións de dependencia ou exclusión social.

Retardar ou evitar a institucionalización.

Reforzar a labor socioeducativa realizada dende o Servizo Municipal de Educación e Apoio Familiar.





LIBRE CONCURRENCIA:

Intensidade horaria marcada na correspondente Ordenanza municipal; en Santiago de Compostela, está de acordo coa prescripción técnica.



DEPENDENCIA:

- * Grao I (Dependencia moderada)
- * Grao II (Dependencia severa)
- * Grao III (Gran dependencia)

Intensidade do SAF dependencia:

A intensidade do servizo de axuda no fogar determinarase no PIA e establecerase en número de horas mensuais de servizos asistenciais, mediante intervalos en función do grao de dependencia e da súa condición de axuda no fogar intensiva ou non intensiva, segundo o seguinte:

-SAF intensivo:

a) Entenderase por SAF intensivo, en función do grao de dependencia e número de horas ao mes de atención, o seguinte:

Grao de dependencia	Horas de atención
Grao III	65 a 94 horas/mes
Grao II	38 a 64 horas/mes
Grao I	20 a 37 horas/mes

-SAF non intensivo:

b) Entenderase por SAF non intensivo, en función do grao de dependencia e número de horas ao mes de atención, cando así o determine o PIA, compatibilizando este servizo con outros servizos e/ou libranzas ou prestacións económicas, o seguinte: (Compatibilidades no capítulo III da Orde do 2 de xaneiro de 2012)

Grao de dependencia	Horas de atención
Grao III	Ata 65 h/mes
Grao II	Ata 38 h/mes
Grao I	Ata 20 h/mes

No PIA deberase diferenciar, dentro das horas de axuda no fogar:

1. as relativas ás necesidades domésticas e do fogar
2. as horas de atención persoal para as actividades da vida diaria.

Os servizos relacionados coa atención das necesidades domésticas e do fogar tales como limpeza, lavado, cociña ou outros, deberán de prestarse conxuntamente cos servizos de atención persoal para as AVD

Intensidade

ATENCIÓNS DE CARÁCTER BÁSICO:

a).- **De carácter persoal:** Asistencia para levantarse e deitarse, apoio na hixiene persoal, control de réxime alimentario, supervisión da administración de medicación simple, mobilizacións, apoio a persoas con problemas de incontinencia.

b).- **Atencións de carácter doméstico:** limpeza e mantemento da vivenda, compra, preparación de alimentos, lavado de prendas, coidados básicos da vivenda.

c).- **Acompañamento** na realización de actividades necesarias para a vida diaria.

d).- **Atencións de carácter psicolosocial e educativo** para a mellora das capacidades persoais, da convivencia, integración na comunidade, etc.

ATENCIÓNS DE CARÁCTER COMPLEMENTARIO:

a).- **Actividades de acompañamento e socialización.**

b).- **Axudas técnicas.**

c).- **Adaptacións funcionais do fogar.**

d).- **Servizo de podoloxía.**

e).- **Servizo de fisioterapia.**

f).- **Terapia ocupacional.**



O concello de Santiago de Compostela implementa o
Servizo de Axuda no Fogar cunha xestión **INDIRECTA:**
contratación de empresas.



Durante o primeiro cuatrimestre do ano 2024, estívoise traballando na licitación do servizo de axuda no fogar, ao que optaron 4 empresas.

Unha vez valorados todos os criterios recollidos na licitación, resultou adxudicataria a **UTE SIAD24 – ASISTENZIA SANTIAGO.**



Nesta licitación:

- Falábase da posibilidade de prestar **259.947,79 horas** de SAF ao longo dunha anualidade.
- Un orzamento máximo anual de **6.361.234,36 €**
- Igualmente, estableceuse inicial un prezo hora de licitación de **23,53 € (+ IVE, 4 %)**

A empresa adxudicataria **ofertou**:

- Un prezo hora de **22,71 € (+ IVE, 4 %)**
- Polo tanto, con dito orzamento anual, o número de horas que se pode prestar incrementábase e pásase a **269.315,59 horas**, o que equivale a dicir, que se vai a atender a un maior número de persoas usuarias e se van implementar mais horas de atención

Que se pretende con este contrato?

- Prestar mais horas de atención e chegar a mais veciñas e veciños de Compostela.
 - Investir en persoal correctamente formado.
 - Mellorar a coordinación existente do servizo.
- Basearnos nun modelo de atención centrado verdadeiramente nas “necesidades das persoas beneficiarias”
- Favorecer a comunicación entre as persoas beneficiarias, as súas familias e o persoal que desenvolve o servizo.
 - Axilizar os tempos de alta e/ou de modificacións do servizo.
- Ofertar recursos ou prestacións complementarias necesarias para desenvolver unha atención integral: maior diversificación e incremento de axudas técnicas, servizos complementarios (peruquería, podoloxía, fisioterapia, “*limpezas de choque*”, praza de atención residencial en caso de urxencia social, pequenos arranxos ou adaptacións en domicilio e contemplar gastos para desprazamentos do persoal, ...

Que se podería destacar deste contrato?

- **Maior número de horas de prestación do SAF: maior cobertura.**
 - **Melloras na planificación e na organización do servizo.**
- **Propostas de zonificación:** axilización de tempos e constitución de equipos de traballo.
- **Todas as persoas usuarias serán coñecidas por 3 auxiliares,** para que calquera cambio de profesional non afecte á calidade do servizo.
 - **1 profesional de coordinación de referencia,** tanto por persoa usuaria como por persoal auxiliar. Traballo en equipo.
 - **Plan de formación anual** tanto para persoal de atención directa como profesionais de coordinación.

Que se podería destacar deste contrato?

- **Equipo de coordinación:** 1 responsable de coordinación, 7 coordinadores, 2 auxiliares de coordinación, 2 auxiliares administrativos e 1 terapeuta ocupacional. Por cada intervalo de 100 persoas usuarias adicionais: 1 profesional de coordinación.
- **Elementos técnicos:** **tablet** para profesionais de coordinación e **smartphone** con app profesionais para todo o equipo de atención.
- **1.500 €/ano para adquisición de produtos de primeira necesidade para as persoas usuarias con maiores factores de vulnerabilidade.**
- **20 horas/semana de técnico de integración social**, básico para a realización de acompañamentos.
 - **Servizo de lavandería:** 2 campañas anuais

Que se podería destacar deste contrato?

- **Sesións formativas** para familiares e gardadores de feitos.
 - **13.000 €/ano para axudas técnicas.**
- **Servizos complementarios:** fisioterapia, podoloxía, perruquería, praza de residencia por emerxencia, limpeza de choque, arranxos e adaptacións no domicilio. Adícase un total de 79.590 €/ano
- -----
- **Prazo máximo de alta no servizo de axuda no fogar: 7 días hábiles.**


O SAF EN CIFRAS

Nº TOTAL PERSOAS ATENDIDAS EN SAF LIBRE CONCORRENCIA E SAF DEPENDENCIA



O SAF EN CIFRAS

TOTAL DE PERSOAS TITULARES DE SAF POR MODALIDADES



O SAF EN CIFRAS

Persoas usuarias de SAF DEPENDENCIA por grao dependencia - ano 2024




realidade

O SAF en Compostela **chega a mais persoas**, a aquelas que son titulares directas do servizo e a moitas das que conforman a súa unidade de convivencia.

As cifras mudan considerablemente...

O SAF EN CIFRAS

EVOLUCION DE PERSOAS BENEFICIARIAS DIRECTAS E INDIRECTAS DO SAF



O SAF EN CIFRAS

EVOLUCION DO GASTO REAL EN SAF






É intención da actual concelleira de Dereitos e Servizos Sociais **dar un impulso ao servizo de axuda no fogar, co fin de incrementar o grao de cobertura social.**

OS ORZAMENTOS ADICADOS AO SAF

Evolución do orzamento adicado a SAF



COMO SE FINANCIOU O SAF ATA O ANO 2023




ANUALIDADES	TOTAL DO GASTO	COPAGO PERSOAS USUARIAS		FINANCIACIÓN XUNTA DE GALICIA		APORTACION DEPUTACION		APORTACIÓN CONCELLO	
		€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO	€	% CON RESPECTO AO GASTO
ANO 2015	1.025.052,64 €	142.597,53 €	13,91%	552.301,44 €	53,88%			330.153,67 €	32,21%
ANO 2016	952.900,86 €	122.176,55 €	12,82%	551.923,83 €	57,92%			278.800,48 €	29,26%
ANO 2017	860.304,88 €	119.179,94 €	13,85%	467.209,49 €	54,31%			273.915,45 €	31,84%
ANO 2018	1.499.933,87 €	212.412,21 €	14,16%	904.311,57 €	60,29%			383.210,09 €	25,55%
ANO 2019	1.833.510,41 €	271.415,92 €	14,80%	1.140.975,98 €	62,23%			421.118,51 €	22,97%
ANO 2020	2.049.286,37 €	263.432,62 €	12,85%	1.330.678,85 €	64,93%			455.174,90 €	22,21%
ANO 2021	2.486.776,58 €	344.335,01 €	13,85%	1.506.485,62 €	60,58%	61.723,79 €	2,48%	574.232,16 €	23,09%
ANO 2022	3.137.617,72 €	460.516,31 €	14,68%	1.764.115,90 €	56,22%			912.985,51 €	29,10%
ANO 2023	3.171.102,10 €	481.847,69 €	15,19%	2.000.449,49 €	63,08%			688.804,92 €	21,72%

En definitiva...

**“Na defensa dos
nosos dereitos,
na defensa das
nosas vidas”**

O concello de Santiago de Compostela **reforzou** notablemente o **Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, pensando nas **necesidades de atención da súa veciñanza**, especialmente daquela que mais o precisa, favorecendo, sempre que sexa posible, que **poidan continuar nos seus domicilios** e seguir formando parte da nosa comunidade, coma sempre o fixeron.

O SAF atende persoas, atende circunstancias vitais, pero tamén ten outra perspectiva, é un programa que **CREA EMPREGO.**



A xestión do SAF non é doada, pero estamos ante un servizo de proximidade, esencial para a veciñanza.

Un servizo que pretende apoiar as capacidades das persoas, pretende apoiar ás redes familiares que prestan coidados e pretende fomentar que os nosos familiares ou os nosos veciños permanezan o máximo tempo posible nos seus domicilios e no seu propio contorno.

Nas nosas mans (e inclúovos a todas e a todos vós), está que este obxectivo se poida conseguir ou non.

Servicio de asistencia a domicilio


Alguien en quien confiar la solución de cuidados

Servicios


- Asistencia a personas dependientes
- Tareas domésticas
- Libranzas (ayudas de ley de dependencia)
- Acompañamientos
- Control de la medicación
- Estimulación de la movilidad y estimulación cognitiva



Servizo de Axuda no Fogar



Hai contido do SAF
que se debe prestar
dende o ámbito
municipal (persoal
propio do concello)



Hai contido do SAF
que se desenvolve
pola empresa
adxudicataria



Servizo de Axuda no Fogar

FUNCIÓNS DA AUXILIAR ADMINISTRATIVA MUNICIPAL NA IMPLEMENTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

1. Rexistro da documentación de entrada e saída, relativa á xestión do SAF.
- 2.- Impresión de documento acreditativo do coste mensual do servizo para as persoas usuarias.
- 3.- Envío de documentación ás persoas usuarias do SAF.

Servizo de Axuda no Fogar

FUNCIÓNS DAS TRABALLADORAS SOCIAIS MUNICIPAIS NA IMPLEMENTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Na coordinación e seguimento do servizo

1. Coordinar a implantación, seguimento, supervisión e avaliación global do servizo.
2. Organización administrativa dos expedientes que procedan tramitarse
3. Elaboración, xestión e seguimento da lista de agarda.
4. Supervisar a porcentaxe de participación no coste do Servizo para as persoas usuarias.
5. Cumprimentación da aplicación informática para a xestión do SAF, implantación e seguimento do seu uso.
- 6.- Elaboración de informes e decretos de padrón de horas mensuais.
- 7.- Elaboración de informes de relación de copago das persoas usuarias de SAF con carácter mensual.
8. Seguimento da Ordenanza e do procedemento técnico, e, no seu caso, propostas de mellora necesarias.
9. Elaborar o contido das normas de funcionamento do servizo.

Servizo de Axuda no Fogar

FUNCIÓNS DAS TRABALLADORAS SOCIAIS MUNICIPAIS NA IMPLEMENTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Na atención á veciñanza

1. Estudar e valorar a situación de necesidade da persoa.
2. Elaborar o diagnóstico da situación persoal, familiar e social.
3. Calcular o importe da participación da persoa usuaria no copago do servizo, facer unha valoración inicial das tarefas e emitir a proposta de alta no SAF.
4. Tramitación de SAF. Elaboración de propostas para a aprobación e/ou denegación da asignación do SAF ás persoas que acceden ao mesmo pola modalidade de Libre Concurrencia.
5. Elaboración de propostas para a aprobación e/ou denegación do acceso para situacións de extrema e urxente necesidade.
5. Programar a prestación do SAF orientando a distribución do horario para a execución das tarefas prescritas.
6. Realizar o seguimento individualizado e a avaliación do SAF de cada caso, emitindo o documento técnico de seguimento.
7. Convocar e programar as xuntanzas de seguimento do Servizo coa Empresa prestadora
8. Valoración e resolución de incidencias, queixas e suxestións relacionadas coa prestación de SAF.

Servizo de Axuda no Fogar

O PAPEL DA XEFA DE SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR



- * Estudo de dispoñibilidade de horas e autorizacións para altas efectivas no servizo.
- * Correlacionar datos de xestión do SAF cos datos poboacionais: análise da cobertura do servizo



- * Elaboración de informes de xestión.
- * Elaboración de actas de conformidade de facturas.
- * Incorporación de información en XIESS e tratamento da información de CIBERSAD.



- * Elaboración de memorias de xestión.
- * Seguimento orzamentario: de gastos e de fontes de financiación.
- * Coordinación con empresas adxudicatarias do servizo e de xestión da aplicación informática.
- * Elaboración de contidos para licitacións.



Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras



Responsable de coordinación.

A entidade adxudicataria debe contar, con carácter obrigatorio, cun (1) profesional con funcións de Responsable de Coordinación; este deberá responder, como mínimo, ao seguinte perfil: posuír titulación universitaria en Traballo Social ou outra equivalente na área de ciencias sociais, experiencia profesional de 4 anos como responsable de coordinación no SAF e ter formación acreditada, por un organismo público, en xestión e dirección de recursos humanos.

Será o/a profesional responsable da entidade adxudicataria, da coordinación xeral do SAF cos servizos sociais municipais.

Entre outras, terá as seguintes funcións:

- ❖ Supervisar a tarefa dos coordinadores e de todo o persoal adscrito ao servizo, actuando como interlocutor co persoal técnico responsable do servizo do concello.
- ❖ Asistir a reunións co persoal técnico de Servizos Sociais, tanto programadas como cando sexa requirida, a fin de realizar as valoracións oportunas do servizo.
- ❖ Transmitir e vixiar que se cumpran os estándares de calidade, na prestación do servizo, esixidos polos Servizos Sociais Municipais do concello de Santiago de Compostela
- ❖ Impartir a formación do novo persoal de coordinación que se incorpore ao equipo da entidade licitadora, controlando a súa adaptación.
- ❖ Resolución de posibles incidencias, na atención das persoas usuarias.
- ❖ Estará dispoñible de xeito permanente perante os servizos técnicos do Concello e ante calquera urxencia que se produza no ámbito do servizo.
- ❖ Realización de memorias, informes, que lle sexan requiridos desde Servizos Sociais



Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

Coordinador/a Técnico/a

Deberá posuír titulación universitaria en Traballo Social e experiencia profesional nos servizos sociais e no servizo obxecto do contrato, ademais de coñecemento e manexo dos recursos sociais relacionados con este.

Un resumo das funcións do persoal de coordinación é o seguinte:

- Desempeñar tarefas de coordinación e organización do servizo na zona que teña asignada.
- Seguimento e apoio do traballo do persoal de atención directa no domicilio, dirixindo as actuacións e controlando o correcto desenvolvemento das actividades.
- Realizar as visitas de seguimento das persoas usuarias
- Coordinar con outros servizos que inciden na persoa atendida, co fin de optimizar os recursos e facilitar unha maior calidade na atención ás persoas.
- Verificar o correcto desenvolvemento das actividades realizadas nos domicilios.
- Informar e asesorar ás persoas usuarias en todas aquelas cuestións ou incidencias xurdidas no desenvolvemento do servizo.
- Detectar novas necesidades das persoas usuarias e realizar propostas acordes a servizos sociais.
- Organización e supervisión do traballo do Axudante de Coordinación.
- Tramitación e resolución de queixas e reclamacións
- Garantir a correcta gravación de datos na aplicación informática do concello de Santiago de Compostela no tempo e forma esixido polo concello





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

En relación co número de persoas usuarias, nos termos previstos na presente cláusula, a entidade adxudicataria deberá asignar á prestación do servizo, con carácter obrigatorio, o persoal técnico coordinador de acordo coas seguintes cocientes:

Nº de persoas usuarias	Persoal técnico coordinador mínimo
50 a 99	1 traballador/a social a xornada completa
100 a 199	2 traballador/a social a xornada completa
200 a 399	4 traballador/a social a xornada completa
Incrementos sucesivos	Por cada grupo de 100 persoas usuarias incrementarase 1 traballador/a social a xornada completa





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

Axudante de coordinación:

O/a profesional de apoio á coordinación, deberá ter unha capacitación profesional mínima, dunha FP de grao medio en atención sociosanitaria ou de grao superior en integración social.

Deberá estar capacitada/o para realizar as seguintes funcións:

- ❖ Resolver na oficina incidencias que requiran unha resposta inmediata, cando o profesional de coordinación estea ausente.
- ❖ Realizar cuadrantes de traballo seguindo as instrucións da coordinación do servizo
- ❖ Realizar xestións administrativas básicas (atender ao teléfono, facer rexistros, etc.)
- ❖ Cubrir servizos en atención directa, cando por unha incidencia sobrevinda non poida ser realizado polo profesional titular.
- ❖ Realizar formación no posto de traballo (manexo de axudas técnicas, mobilizacións, etc.) cando sexa preciso.
- ❖ Realizar acompañamento na execución do servizo aos profesionais de atención directa de nova incorporación.





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

Terapeuta Ocupacional

Será o/a profesional encargado/a de traballar coas persoas usuarias e familias co obxecto de promover que sexan o máis independentes posibles na súa vida diaria, para previr a dependencia, para manter a saúde, a calidade de vida e recuperar ou minimizar os efectos da enfermidade e/o a discapacidade que padezan.

Por outra banda, será o profesional encargado de formar e apoiar aos profesionais de atención directa na utilización de axudas técnicas nos domicilios, na mobilización das persoas usuarias e de apoiar a os profesionais de coordinación na valoración da execución do servizo e das adaptacións necesarias no domicilio.





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

Persoal auxiliar administrativo

As funcións que pode desenvolver son as seguintes:

- ❖ Realizar tarefas de apoio á coordinación, baixo a súa supervisión.
- ❖ Rexistro de datos referidos ao persoal que desenvolve o programa.
- ❖ Realizar os cuadrantes de incidencias.
- ❖ Manter a comunicación e avisos telefónicos co persoal auxiliar e persoas usuarias ante calquera incidencia que xurda sobre horarios, ausencias, cambios de auxiliar asignado, etc.
- ❖ Recollida de datos para a facturación mensual.
- ❖ Etc.





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR: profesional que ten por obxecto atender, no propio domicilio, e seguindo as pautas facilitadas dende a Coordinación, as actividades de carácter básico e complementarias recollidas na Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o SAF, así como comunicar calquera incidencia que puidera darse no normal desenvolvemento do servizo.

ATENCIÓNS DE CARÁCTER PERSOAL:

- ☺ Informar á persoa usuaria e ao seu coidador habitual sobre as actividades da vida diaria referentes ao autocoidado, administración de alimentos, mobilización, etc., en función da situación persoal.
- ☺ Realizar ou apoiar a hixiene personal, facer a cama, vestir á persoa.
- ☺ Mobilizacións e traslados.
- ☺ Alimentación; elaboración de menús, axuda na inxesta.
- ☺ Administrar medicamentos simples.
- ☺ Aplicar técnicas de prevención de accidentes y, no seu caso, de primeiros auxilios.
- ☺ Rexistro e transmisión de incidencias á familia e ao equipo técnico.





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

ATENCIÓNS DE CARÁCTER PSICOSOCIAL:

- 👤 Preparar e manter espazos e materiais en condicións axeitadas para favorecer a autonomía, a comunicación e a convivencia das persoas usuarias.
- 👤 Axudar á persoa usuaria na realización de xestións necesarias para a resolución de asuntos persoais e relacionais, incluíndo ao acceso a servizos e recursos comunitarios.
- 👤 Axudar á persoa usuaria na realización de actividades tendentes a manter o seu estado psicolóxico e a súa rehabilitación, colaborando no seu seguimento e informando da evolución.
- 👤 Detectar demandas e necesidades especiais provocadas por situacións de deterioro personal da persoa usuaria para a súa derivación aos profesionais e servizos competentes.
- 👤 Manter relacións fluídas con familiares da persoa usuaria orientándolles, implicándoos e sensibilizando na cobertura de necesidades materiais e relacionais.





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

ATENCIÓNS DE CARÁCTER DOMÉSTICO:

- 🏠 Realizar o aprovisionamento, control de existencias, almacenamento e conservación de alimentos de acordo coas recomendacións dietéticas establecidas.
- 🏠 Manipular y elaborar os alimentos de acordo ás necesidades nutricionais existentes.
- 🏠 Desenvolver actividades de mantemento do hogar necesarias para garantir e conservar adecuadas condicións de habitabilidade, hixiene e orde.
- 🏠 Organizar o espazo na residencia habitual, aplicando axudas técnicas prescritas, optimizando condicións de accesibilidade, mobilidade e previndo riscos potenciais de accidentes.
- 🏠 Colaborar na xestión doméstica, detectando demandas e necesidades básicas para a derivación aos profesionais e servizos competentes.





Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

E, en Santiago de Compostela, tamén contamos con outros servizos complementarios:

- Integradora social
- Fisioterapia
- Podoloxía
- Perruquería....



TODOS SUMAMOS CREANDO



Benestar social



Persoal que
implementa o
SAF nas
empresas
prestadoras

E, por si interesa..., onde está a empresa adxudicataria do SAF en Compostela?



**Enderezo: Praza de Europa, Portal 15
A, 5º - Porta B2 e C. Area Central.
Santiago de Compostela.**



Teléfono: 881.564.341.



**Teléfono de garda:
659253752**



E mail: santiago@utesiadasistencia.es



Teleasistencia domiciliaria: CONVENIO CON CRUZ VERMELLA





**Teleasistencia
domiciliaria (60
terminais): 50
asociadas a
telefonía fixa e 10
asociada a telefonía
móbil + dispositivos
de detección de
caídas, de fugas de
gas e de fugas de
auga.**



É intención da actual concelleira de Dereitos e Servizos Sociais dar un **impulso aos recursos complementarios** para favorecer que as persoas maiores, en situación de dependencia e/ou con discapacidade poidan continuar no seu domicilio o máximo tempo posible, sempre e cando se garante o seu bienestar e protección. De aí que xa se esté estudando a implementación dun maior número de terminais de teleasistencia domiciliaria, de dispositivos de detección de gas, fume ou caídas, ou mesmo de localización (moi importante para abordar dalgún xeito situacións de perigo asociadas á soidade non desexada). E un recurso de especial trascendencia para a cidade, vai ser a vindeira implementación do servizo de **XANTAR NA CASA**, en colaboración coa Administración Autonómica.



E noutro ámbito de intervención social municipal está a relacionada coa **inclusión das persoas sen fogar**



Este tipo de intervención, realizada dende sempre dende os Servizos Sociais Comunitarios, **habitualmente se viña implementando dende os propios Puntos de atención de Servizos Sociais (PASS) e dende os convenios de colaboración que este concello tiña e ten asinados con diferentes entidades de iniciativa social**



Pero este concello se dou conta que a intervención cun dos colectivos con maiores factores de exclusión social non se podía *“deixar en mans exclusivas”* de entidades de iniciativa social e que requiría unha intervención específica e cualificada.

ASUNCIÓN DO PRINCIPIO DE RESPONSABILIDADE PUBLICA

En que se basa?

A intervención social con persoas que pernoctan na rúa.



O traballo coordinado con entidades de iniciativa social:

- Para a detección dos casos.
- Para a intervención social.



O traballo en rede entre dispositivos municipais (Servizos Sociais, SEMUS e Policía Local, como servizos de protección á veciñanza):


- Para a detección dos casos.
- Para o acompañamento na intervención social.



O traballo interno dos Servizos Sociais Municipais:

- Para o estudo dos casos, valoración e deseño da intervención.
- Para a mobilización de recursos dirixidos á cobertura de necesidades básicas.

O TRABALLO COORDINADO CON ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL DA CIDADE, COAS CALES SE TEN ASINADOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN



É vontade dos profesionais do Departamento municipal de Servizos Sociais **realizar un recoñecemento á labor realizada polo persoal técnico e persoas voluntarias que traballan en todas e cada unha das entidades de iniciativa social e que interveñen coas persoas en situación de "rúa".**

O TRABALLO COORDINADO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS COS SERVIZOS DE SEGURIDADE MUNICIPAL: POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

Para detectar
situacións e
necesidades

Para acompañamento
nas labores de estudo e
valoración.

Para acompañamento ás persoas aos
recursos institucionais

Para contribuir ao benestar e minguar
elementos de risco para a integridade das
persoas.

A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.

Para o aloxamento: derivación ao albergue (dentro de convenio de colaboración), traballo coordinado con Cáritas (con convenio de colaboración para cobertura de necesidades primarias), traballo coordinado con Cruz Vermella, tanto co equipo de rúa como co SEMUS como co Programa de Pensións (dentro do convenio de colaboración), traballo con FEAFES e en concreto co programa de Pisos de Transición (con convenio de colaboración para a atención de persoas que se atopan nunha situación de rúa e que presentan algunha patoloxía psiquiátrica).

Xestión de prestacións municipais da Ordenanza de garantía básica: prestacións de rescate social.

Proximamente: centro para as persoas sen fogar

Para a cobertura das restantes necesidades básicas: co programa municipal de emerxencia social, coa derivación a Cáritas Interparroquial, Cruz Vermella e Cociña Económica (as tres entidades con convenios de colaboración co concello), coa xestión de recursos económicos autonómicos/estatais (AIS, RISGA, PNC, RAI, fundamentalmente) e a xestión de recursos económicos municipais (RENDA DE GARANTÍA BÁSICA, PRESTACIÓNS DE RESCATE SOCIAL, EXENCIÓN DE TAXAS).



Seguir coa
sinatura de
convenios de
colaboración
con entidades
sociais



Contratación
de persoal
específico para
este programa
dende o
ámbito
municipal: 2
traballadoras
sociais



Creación e
mantemento
do SEMUS
COMPOSTELA.
Incremento de
rutas
nocturnas, coa
incorporación
do persoal
municipal



Vivendas de
transición: 2
cedidas a
FEAFES e 2
cedidas a
Cáritas




Convenio con
Cruz Vermella
para o
programa de
pensións



Xestión de
prestacións
para a
cobertura de
necesidades
básicas



PROXIMAMENTE:
Centro
municipal
para a
acollida de
persoas sen
fogar en
Compostela



AS ACTUACIONES EN DATOS.... ANO 2024

Táboa: Distribución das persoas detectadas pernctando en rúa pola variable “*sexo*”.

SEXO	Nº	% V
H	166	85,13%
M	29	14,87%
TOTAIS	195	100,00%

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.

Taboa: Promedio de “*idade*” das persoas detectadas pernctando en rúa por persoal de Servizos Sociais.

Promedio de idade	47,11 anos
Desviación	12,35 anos
Valor máximo de idade	78,58 anos
Valor mínimo de idade	21,42 anos

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.

Taboa: Distribución das persoas detectadas pernctando en rúa pola variable “*nacionalidade*”.

NACIONALIDADE	Nº	% V
NACIONALIDADE ESPAÑOLA	125	64,10%
RESTO COMUNITARIOS	28	14,36%
NON COMUNITARIOS	42	21,54%
TOTAIS	195	100,00%

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.

AS ACTUACIÓNS EN DATOS....

ANO 2024

Taboa: Distribución das persoas detectadas pernoctando en rúa pola variable “*signos externos compatibles con problemas de saúde*”.

PROBLEMAS DE SAÚDE	Nº	% V
INDICIOS TRASTORNO PSIQUICO	29	14,87%
INDICIOS PROBLEMAS SAÚDE ORGÁNICOS	19	9,74%
INDICIO DE CONDUCTAS ADICTIVAS	90	46,15%
INDICIO TRASTORNO PSÍQUICO + PROBLEMAS SAÚDE ORGÁNICOS	2	1,03%
INDICIOS TRASTORNO PSÍQUICO + CONDUCTAS ADICTIVAS	25	12,82%
SEN INDICIOS DE PROBLEMAS DE SAÚDE	30	15,38%
TOTAIS	195	100,00%

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.

Taboa: Distribución das persoas detectadas pernoctando en rúa pola variable “*existencia de persoas menores de idade*”.

EXISTENCIA DE MENORES	Nº	% V
SI	2	1,03%
NON	193	98,97%
TOTAIS	195	100,00%

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.

Taboa: Distribución das persoas detectadas pernoctando en rúa pola variable “*análise de oferta de aloxamento alternativo post intervención dos Servizos Sociais Comunitarios*”.

CON ALTERNATIVA DE ALOXAMENTO?	Nº	% V
CON ALTERNATIVA DE ALOXAMENTO	89	45,64%
PERNOCTANDO EN RÚA	25	12,82%
DESCOÑECESE PARADEIRO	56	28,72%
DE PASO POLO CONCELLO	18	9,23%
VIVENDA OCUPADA	7	3,59%
TOTAIS	195	100,00%

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.



A xestión no ano 2024:

Taboa: Distribución das persoas detectadas pernando en rúa pola variable “*análise de dispoñibilidade de recursos económicos post intervención dos Servizos Sociais Comunitarios*”.

CON RECURSO?	Nº	% V
CON RECURSO SOCIOECONÓMICO	134	68,72%
SEN RECURSO SOCIOECONÓMICO	61	31,28%
TOTAIS	195	100,00%

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.

Taboa: Distribución das persoas detectadas pernando en rúa pola variable “*caso xudicializado*”.


CASO XUDICIALIZADO?	Nº	% V
SI	10	5,13%
NON	185	94,87%
TOTAIS	195	100,00%

Fonte: Departamento municipal de Servizos Sociais, outubro 2024.

En liñas xeral, o “*perfil*” das persoas detectadas pernando en rúa por parte de persoal técnico de Servizos Sociais ao longo do ano 2024 pódese sintetizar en:



PERFIL		
Sexo:	Varón	85,13 %
Promedio de idade:		47,11 anos
Nacionalidade maioritaria:	NACIONALIDADE ESPAÑOLA	64,10 %
Problemas de saúde maioritarios:	INDICIO DE CONDUCTAS ADICTIVAS	46,15 %
	INDICIOS TRASTORNO PSÍQUICO	14,87 %
	INDICIOS TRASTORNO PSÍQUICO + CONDUCTAS ADICTIVAS	12,82 %
Existencia de menores:	NON	98,97 %
Con alternativa residencial post intervención social:	CON ALTERNATIVA DE ALOXAMENTO	45,64 %
Con recurso económico en activo post intervención social:	CON RECURSO ECONÓMICO	68,72 %
Casos xudicializados:	Non	94,87 %



En definitiva...



A cobertura
das
necesidades
básicas...

... en
clave de
dereitos.

O respecto ...

... á
liberdade
das
persoas

Unha firme
aposta pola
convivencia
positiva ...

... dende o
respecto á
diferenza de
cada quen e o
cumprimento
da lexislación
vixente.

SEMUS Compostela

urxencias sociais

Qué é?

É o **Servizo Municipal de Urxencias Sociais do Concello de Santiago**. Ofrece unha atención especializada de xeito inmediato ás persoas que, de forma imprevista, se atopan en situación de vulnerabilidade social. Os obxectivos son complementar a atención dos Servizos Sociais Municipais nos horarios nos que estes non están operativos, así como apoiar o labor realizado pola Policía Local, Bombeiros e Protección Civil, cando no desenvolvemento das súas funcións se presenten problemáticas sociais que requiran inmediatez e sistemas especializados de resposta.

- Activación en caso de urxencias sociais.
- Rutas coa unidade móbil para dar apoio ás persoas sen fogar.
- Dispositivo especial de atención a persoas sen fogar ante climatoloxía adversa.

O SEMUS Compostela estará dispoñible os 365 días do ano, entre semana en horario de 15h a 8h, e sábados, domingos e festivos 24h.

Como se activa?

A cidadanía que presencie algunha situación de urxencia ou precise asistencia, deberá chamar ao 112, o número único de emerxencias, ou á Policía Local no 981 54 23 23, e serán estes os que activen os recursos necesarios en cada caso.



SEMUS COMPOSTELA

SEMUS Compostela urxencias sociais

No que vai de ano, ademáis das rutas habituais nocturnas coas persoas sen fogar, **o SEMUS foi activado en 167 ocasións**. Os motivos foron diversos:

- En **40 ocasións, por caídas no domicilio de persoas maiores ou en situación de dependencia**.
- En **14 ocasións, para a atención a familias**, con menores ao seu cargo, que se atopaban nunha situación de emerxencia social.
- En **8 ocasións, por supostos de violencia de xénero**.
- En **98 ocasións, por temas relacionados con persoas sen fogar**, que se atopaban nunha situación de emerxencia social.
- E en 7 ocasións, por outro tipo de cuestión.



O centro para as persoas sen fogar



A concelleira de Dereitos e Servizos Sociais deu conta das modificacións introducidas no proxecto do Centro de Inclusión Social de Belvís, co obxectivo de que sexa un Centro de Atención Integral a Persoas sen Fogar. María Rozas explicou que o complexo contará con habitación (para homes e mulleres) e con espazos comúns como cociña, comedor ou lavandería.

A principal novidade do modificado do proxecto, será a substitución da vintena de despachos e salas de reunións previstas por recursos habitacionais.

O Centro Integral para a Inclusión Social é un complexo formado por 4 edificios. O primeiro deles contará con cociña, comedor e baño na planta baixa, e na planta superior haberá catro habitacións que substituirán aos despachos proxectados inicialmente. O que eran salas de reunións transformaranse en zonas comúns, salas de lectura e zona de actividades. Do proxecto aprobado no anterior mandato mantense a zona de entrada e recepción, así como tres despachos para o traballo social especializado e personalizado de acompañamento psicossocial. O segundo edificio é unha ampla sala, que se mantén tal e como estaba prevista, mentres que o terceiro inmovible, cunha superficie aproximada de 100 m², albergará un espazo de atención diúrna para persoas en situación de risco de exclusión con zonas de descanso, baños, armarios e lavandería. O cuarto sufrirá máis cambios. Os despachos e a aula de formación proxectados desaparecen para darlle paso a habitacións individuais e unha dobre na planta superior, todas elas con baño incorporado, e a unha habitación dobre con baño, adaptada para persoas con mobilidade reducida, na planta baixa. Alí tamén haberá un espazo común e de estar.

O centro para as persoas sen fogar



elCorreoGallego

Santiago

Área Galicia Más noticias Camino de Santiago

As obras do centro de Belvís para persoas sen fogar non rematarán ata finais de 2024

A previsión inicial do Bipartito era ter o Cipis operativo no primeiro semestre do ano



Complexo que acollerá o Centro integral para a Inserción Social (Cipis) / JESÚS PRIETO



O vindeiro centro para as persoas sen fogar



O centro para as persoas sen fogar ven a reforzar as **VIVENDAS DE TRANSICIÓN** que xa están a funcionar na cidade....



O centro para as persoas sen fogar



elCorreoGallego

Santiago

Área Galicia Más noticias Camino de Santiago

As obras do centro de Belvís para persoas sen fogar non rematarán ata finais de 2024

A previsión inicial do Bipartito era ter o Cipis operativo no primeiro semestre do ano



Complexo que acollerá o Centro integral para a Inserción Social (Cipis) / JESÚS PRIETO

E para CREAR un equipamento destas características vai ser **necesario contar cun equipo de profesionais** formado, con motivación e no que primen os principios éticos, morais e técnicos.

Temos que contar con **profesionais de diversas disciplinas sociais**: da educación social, do traballo social, da integración social, da terapia ocupacional e tamén, da atención sociosanitaria.

Un proxecto diferente, un reto profesional, unha forma de traballo integral e en rede....



Moitas grazas pola vosa atención!!!!!!

Esperamos que, en calquera momento da vosa vida profesional, vos convertades en compañeiras ou compañeiros da nosa labor e podamos compartir obxectivos de intervención social



Puntos de referencia para a veciñanza de Compostela:



- Centro Municipal de Servizos Sociais



PASS Fontiñas



- Casa de Asociacións de Benestar Social (CABES)



PASS Ensanche e PASS Conxo



<https://servizossociais.santiagodecompostela.gal/>

